

Decreto ____/2023, do XX de XX, polo que se aproba o regulamento polo que se rexerán os contratos temporais de xestión pública dos montes e o fondo de melloras

A primeira revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040, “Cara á neutralidade carbónica”, aprobada polo Decreto 140/2021, do 30 de setembro, establece no seu Eixo III.3 as directrices para a reorientación da xestión forestal pública, e prevé os mecanismos e criterios de aplicación nos procesos de cancelación e finalización dos actuais convenios e consorcios e o deseño e especificacións dos novos contratos temporais de xestión pública dos montes, para permitir a sinatura antes do fin do 2025 de contratos que sumen entre 150.000 e 200.000 hectáreas de xestión pública baixo esta figura.

Así, entendendo superado o modelo dos consorcios e convenios, faise patente non só a necesidade de superar os antigos modelos de exclusiva repoboación forestal, poñendo en valor a multifuncionalidade do monte, senón fundamentalmente a necesidade de salientar o rol principal e protagonista das persoas titulares do dereito de aproveitamento, de xeito que estas recuperen tanto a plena conciencia da súa condición, como a ineludible responsabilidade que aquilo comporta.

Neste contexto, e ao abeiro da competencia exclusiva que o Estatuto de Autonomía de Galicia recolle no seu artigo 27.10 en materia de montes, aproveitamentos forestais e pastos, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución en materia de lexislación básica sobre medio ambiente, foi aprobada a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, presidida pola intención de previr e reducir a degradación do monte e fomentar a restauración del, paliar a sobreexplotación de determinados recursos, preservando a masa forestal e mesmo poñéndoa en valor, afondando no concepto de xestión sostible e, especialmente, no manexo forestal responsable.

Xa a exposición de motivos da dita Lei establece que unha das finalidades dela non é outra que a de fomentar e impulsar a riqueza forestal, sendo un dos seus obxectivos fundamentais garantir a súa adaptación á realidade forestal e ás necesidades da sociedade galega, merecendo indubidablemente especial atención aquelas máis específicas das persoas titulares do dereito de aproveitamento do sector.

Deste xeito este decreto procura a mellora significativa de ditos intereses económicos, sociais e colectivos de carácter territorial, paisaxístico-ambiental, e mesmo sociocultural, que describen a sostibilidade do territorio, contribuíndo tamén á manter o papel relevante que a xestión dos montes ten no desenvolvemento de numerosas zonas rurais de Galicia.

Ao respecto, a citada lei de montes xa prevé no seu artigo 124 a creación dun Fondo de Melloras para a realización de inversións de carácter forestal, destinado á xestión forestal sostible dos montes con tres seccións: sección de montes catalogados de dominio público, sección de montes patrimoniais pertencentes á Comunidade Autónoma e sección de montes que presenten un contrato temporal de xestión pública, baixo os principios de publicidade, transparencia e concorrencia, así como de estabilidade, fundamental en ámbitos como o forestal, onde as actividades de explotación adoitan estenderse durante anos en ciclos prolongados.

Asemade, no seu artigo 44 tamén se contemplaba a posibilidade de que os titulares de montes privados puideran xestionalos por si ou ben contratar a súa xestión a persoas físicas ou xurídicas de dereito privado ou público.

En efecto, a aplicación e desenvolvemento desta norma persigue ofrecer solucións para acadar unha axeitada xestión, tratando de superar as limitacións tanto económicas como técnicas das persoas titulares de maneira que, unha vez que a administración recupere a contía dos anticipos realizados, cos xuros correspondentes, o contrato quede resolto e as persoas titulares resulten dotadas daquelas ferramentas precisas para asumir e acometer no sucesivo a axeitada xestión técnica e profesionalizada dos seus montes.

Sobre estas bases, e a partir do previsto no artigo 123 da Lei de montes de Galicia, a formulación do novo contrato temporal de xestión pública, conforma un novo escenario baixo un enfoque da gobernanza, inexorablemente vencellada ás persoas titulares do dereito de aproveitamento. Neste contexto, o servizo técnico de xestión será acometido pola administración, ben sexa directamente ou ben a través dos seus entes instrumentais, ou a través de terceiras persoas operadoras do sector pero, en todo caso, consonte ás disposicións do proxecto de ordenación, aprobado segundo o marco legal vixente.

En síntese, o contrato temporal de xestión pública resulta ser un contrato de medios no seo do cal a administración ofrecerá o imprescindible financiamento previo e máis a asistencia técnica precisa para a posta en valor do monte, resultando fundamental a posta en práctica dun axeitado mecanismo de gobernanza, especialmente necesaria, pola súa relevancia tanto cualitativa como cuantitativa, no caso das comunidades de montes veciñais en man común.

En suma, cabe concluír que o contrato temporal de xestión pública é un acordo de vontades, instrumentalizado a través da administración na procura dun interese tanto económico, como territorial, ambiental e mesmo social e cultural.

Deste xeito, tras seren consultados os diferentes axentes, apróbase este decreto, coa finalidade de establecer o marco normativo dos contratos temporais de xestión pública, así como para definir a xestión económica a través do Fondo de Melloras.

O Decreto estrutúrase en catro capítulos, 46 artigos, dúas disposicións adicionais, tres disposicións transitorias e dúas disposicións derradeiras, así como dun anexo no que se detallan as intensidades máximas dos anticipos non reintegrables.

Na elaboración deste decreto observáronse os trámites previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na restante normativa de obrigado cumprimento, entre os que cabe destacar a audiencia ao Consello Forestal de Galicia e a publicación do texto, para alegacións, no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Polo exposto, este decreto adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co previsto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Na súa virtude e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, por proposta do conselleiro do Medio Rural, de acordo co Consello Consultivo /oído o Consello Consultivo e despois de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día _____,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto e disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Este decreto ten por obxecto a regulación dos contratos temporais de xestión pública dos montes na Comunidade Autónoma de Galicia e o fondo de melloras, previstos na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Artigo 2. Concepto de contrato temporal de xestión pública

O contrato temporal de xestión pública é un acordo suscrito entre a persoa titular do dereito de aproveitamento dun monte e a administración, segundo o cal a administración se compromete tanto á prestación dun servizo técnico como a realizar un investimento anticipado en obras e servizos, e a persoa titular do dereito de aproveitamento do monte pon a disposición da administración ese dereito de aproveitamento para a súa xestión forestal sostible e comprométese a cumprir as obrigas que se estipulan no contrato.

Artigo 3. O contrato temporal de xestión pública e o proxecto de ordenación forestal

1. Con carácter xeral, a xestión do monte obxecto do contrato temporal de xestión pública será acordada entre as partes asinantes a través da aprobación dun proxecto de ordenación forestal.

Para os casos recollidos nos apartados e), f) e h) do artigo 9.1 deste decreto será suficiente a adopción do instrumento que corresponda segundo o artigo 79 da Lei 7/2012, de montes de Galicia.

2. A persoa titular do dereito de aproveitamento disporá da información de todas as actuacións emprendidas pola administración en execución do contrato e será, así mesmo, a persoa perceptora dos rendementos dos aproveitamentos, sen prexuízo do cumprimento por parte dela das obrigas de reintegro á administración, nos casos nos que proceda, segundo o disposto neste decreto.

3. No caso de que o monte xa dispoña de proxecto de ordenación aprobado, a xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de montes deberá elaborar un informe con carácter previo á sinatura do contrato temporal de xestión pública, cuxo resultado será vinculante, sobre a compatibilidade do previsto nel coa xestión pública.

Se este informe resulta desfavorable será precisa a aprobación dunha modificación ou revisión do proxecto de ordenación, aplicándose o previsto no artigo 18 deste decreto.

Artigo 4. Superficie obxecto do contrato temporal de xestión pública

1. Con carácter xeral, os contratos temporais de xestión pública abranguerán a superficie total do monte, e atenderán a criterios de diversificación e multifuncionalidade.

2. Permitirase que un contrato non abranga a totalidade da superficie do monte de xeito excepcional e debidamente motivado para o que debe xustificarse que a superficie contractual garante o cumprimento dos obxectivos e a xestión forestal sostible do monte.

3. As superficies preexistentes xestionadas por terceiras persoas quedarán excluídas do contrato temporal de xestión pública. Para poder formalizar un contrato temporal de xestión pública en ningún caso a superficie cedida a terceiros pode exceder, de xeito conxunto, do 30 por cento da superficie total do monte. Este límite non será de aplicación nos casos regulados nas letras e), f) e h) do artigo 9.1 e no caso de xestión cautelar pola administración.

Se a xestión por terceiras persoas rematase durante a vixencia do contrato, as superficies poderán integrarse nel unha vez aprobada a modificación do proxecto de ordenación, previa solicitude de autorización da persoa titular dos dereitos de aproveitamento. A dita solicitude formularase empregando o anexo III (MRXXXA).

4. Durante a vixencia do contrato, a realización de novos actos que supoñan a cesión da xestión a terceiras persoas de superficies incluídas no contrato deberá ser previamente autorizada pola administración forestal, quen en caso contrario poderá resolver o contrato. A dita solicitude formularase empregando o anexo III (MRXXXA).

Artigo 5. Esixencia de maiorías para a sinatura do contrato temporal de xestión pública

No caso das comunidades de persoas propietarias, asociacións ou entidades titulares, o acordo do órgano colexiado que faculte para a sinatura do contrato temporal de xestión pública requirirá da porcentaxe de representación e da maioría legalmente establecida para a realización de actos dispositivos.

Artigo 6. Elementos do contrato temporal de xestión pública na actuación da administración

Os contratos temporais de xestión pública, desde o punto de vista das actividades a desenvolver pola administración na súa execución, están integrados polos seguintes elementos:

- a) O investimento en obras e servizos.
- b) A prestación dun servizo técnico.

Artigo 7. Investimento en obras e servizos

1. En xeral, o investimento en obras e servizos terá, en parte, natureza de anticipo reintegrable e en parte natureza de anticipo non reintegrable.

A parte reintegrable suporá a obriga de pago por parte da persoa titular do dereito de aproveitamento tanto do principal como dos xuros establecidos en cada convocatoria de contratos temporais de xestión pública.

2. A contía da parte non reintegrable do anticipo poderá ser de ata o 100% do total do importe obxecto do investimento, segundo o que dispón o Anexo 1 deste decreto.

Artigo 8. Servizo técnico de xestión

1. O servizo técnico de xestión é a actuación que, en execución do contrato, está orientada a impulsar a xestión do monte e ordenar os seus recursos forestais, na procura do fomento das producións en calidade, diversidade e cantidade, atendendo a criterios de diversificación da produción, sostibilidade e rendibilidade.

2. Este servizo de xestión consistirá na contratación, alleamento, seguimento, avaliación, redacción de proxectos, elaboración dos informes previstos neste decreto e dirección técnico-facultativa das actuacións previstas no proxecto de ordenación acordado e aprobado, así como aquelas outras accións que, por causa xustificada, que sexan acordadas previamente polas partes.

3. Entenderase por execución das actuacións o desenvolvemento dos traballos programados no proxecto de ordenación mediante a efectiva realización das obras ou servizos.

4. No prazo dun mes desde a sinatura do contrato, a xefatura territorial correspondente por razón do territorio da consellería competente en materia de montes designará e comunicará á persoa titular do dereito de aproveitamento do monte o nome e datos de contacto da persoa responsable operativa da xestión pública, que terá a cualificación de persoal técnico competente en materia forestal, e da persoa responsable operativa auxiliar da xestión pública. No caso de que o contrato temporal de xestión pública abranga o territorio de máis dunha provincia, será competente desde o punto de vista territorial a xefatura territorial que abrangue máis territorio nese contrato.

5. O servizo técnico de xestión non inclúe a xestión económica, fiscal ou administrativa das obrigas que, segundo a natureza legal do monte, teña que efectuar a persoa titular dos dereitos de aproveitamento dos montes.

6. O servizo técnico de xestión comportará o pago dunha taxa anual, segundo o previsto no artigo 34 deste decreto, agás nos supostos recollidos nas letras e), f) e h) do artigo 9.1 deste decreto, atendendo ao interese público no que se basean os contratos destas tipoloxías.

Artigo 9. Persoas asinantes do contrato temporal de xestión pública

1. A consellaría competente en materia de montes poderá concertar o contrato temporal de xestión pública dos montes con calquera das seguintes persoas:

a) Persoas propietarias públicas de montes, agás os incluídos no Catálogo de Montes de Utilidade Pública.

b) Persoas propietarias de montes privados protectores.

c) Comunidades de montes veciñais en man común que carezan de recursos económicos e financeiros suficientes e cuxa sostibilidade económica, social e ambiental non estea garantida, ou persoas xestoras de montes veciñais en man común que se atopen en estado de grave abandono ou degradación ou en situación xurídica

de xestión cautelara. En todo caso, nestes supostos relativos a montes veciñais en man común deberá respectarse o que dispón a Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

d) Persoas titulares do dereito de aproveitamento de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo que carecesen de recursos económicos e financeiros suficientes e cuxa sostibilidade económica, social e ambiental non estivese garantida.

e) Persoas titulares do dereito de aproveitamento de montes de calquera tipoloxía, en terreos forestais ocupados por masas de alto valor xenético.

f) Persoas propietarias de montes de calquera tipoloxía, en terreos forestais incluídos no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, regulado polo Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas.

g) Persoas titulares do dereito de aproveitamento de montes particulares ou as súas agrupacións forestais de xestión conxunta naqueles casos nos que así o aconsellen as especiais dificultades para a valorización e as condicións do monte.

h) Persoas titulares do dereito de aproveitamento de montes ou terreos forestais nos que se manifeste un interese público, atendendo á existencia neles de infraestruturas, instalacións ou masas e formacións forestais de especial interese, nomeadamente os soutos e aquelas formadas por especies do Anexo I da Lei 7/2012, de montes de Galicia, ao seu uso público, valor estratéxico na prevención de incendios forestais e/ou outras circunstancias que se determinen mediante orde da consellería competente.

2. Nos casos regulados nos apartados c) e d) do número anterior, nos que se esixe como requisito que a persoa titular do dereito de aproveitamento acredite a insuficiencia de recursos económicos e financeiros, consonte co disposto no artigo 123 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, non se terá por acreditada a dita insuficiencia de recursos nos casos nos que esa persoa perciba ingresos derivados de actividades no monte, calquera que sexa a natureza desta actividade, ou posúa bens e dereitos distintos dos inmobles, que alcancen a cobertura dos gastos previstos no proxecto de ordenación.

3. A insuficiencia de recursos económicos e financeiros deberá xustificarse mediante a presentación dunha declaración responsable na que figuren todos os bens, dereitos e obrigas que forman o patrimonio da entidade, co seu valor actualizado nos tres meses anteriores como máximo. Respecto das contas bancarias, a administración poderá solicitar un certificado no que se recollan os movementos dos últimos cinco anos naturais completos.

No caso dos montes veciñais en man común, tamén se esixirá a presentación das comunicacións reguladas no Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o

reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal dos últimos cinco anos.

4. Cando a administración forestal asuma a xestión cautelar dun monte a xestión realizarase ao abeiro do previsto neste decreto sen que sexa esixible a sinatura dun contrato temporal de xestión pública. Mentres se manteña a situación de xestión cautelar e para os efectos previstos neste decreto, a administración forestal será considerada a persoa titular dos dereitos de aproveitamento do monte.

5. Nos casos de inexistencia, extinción ou desaparición sobrevida dunha comunidade de montes veciñais en man común que tivera asinado un contrato temporal de xestión pública, a aceptación da xestión cautelar polo concello regulada no artigo 20 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, comportará a asunción polo concello do anticipo reintegrable pendente de satisfacer.

Artigo 10. Réxime xurídico do contrato temporal de xestión pública

1. A formalización do contrato temporal de xestión pública estará excluída do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, consonte ao disposto no seu artigo 11.4.

2. Porén, as actuacións que en materia de xestión de montes desenvolva a administración en aplicación do contrato temporal de xestión pública, xa sexan obras, servizos ou calquera outra, deberán rexerse polas normas e preceptos regulados en materia de contratos do sector público.

Artigo 11. Sede electrónica

Os procedementos regulados neste decreto habilitaranse na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal> e figurarán na Guía de procedementos e servizos regulada pola Orde do 12 de xaneiro de 2012, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, cos seguintes códigos:

a) Presentación de comunicacións en materia de contrato temporal de xestión pública: MRXXXA (anexo II).

b) Presentación de solicitudes en materia de contrato temporal de xestión pública: MRXXXA (anexo III).

Artigo 12. Lexitimación para a presentación de solicitudes e comunicacións

1. As solicitudes e comunicacións reguladas neste decreto presentaranse pola persoa titular do dereito de aproveitamento sobre o monte ou terreo forestal ou pola persoa que represente a anterior nos termos establecidos pola lexislación do procedemento administrativo común.
2. A representación poderá acreditarse mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia conforme os termos da lexislación básica estatal.
3. Entenderase acreditada a representación ante o sector público autonómico mediante o outorgamento de apoderamentos apud acta que se efectúen por comparecencia persoal nas oficinas da Rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro de Galicia, por comparecencia electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia ou a través da acreditación da inscrición no rexistro electrónico xeral de apoderamentos da Xunta de Galicia de poderes de representación.
4. No caso das comunidades de montes veciñais en man común as solicitudes e comunicacións deben incluír o acordo da asemblea xeral da comunidade propietaria. Este acordo xustificárase por medio da copia da acta da asemblea ou certificación expedida pola persoa titular da secretaría da comunidade onde se dea fe do acordo aprobado en asemblea.
5. O resto das entidades deberán certificar que a solicitude ou comunicación realízase de conformidade coa lexislación que regule a toma de decisións na propiedade de que se trate.

Artigo 13. *Presentación das solicitudes e comunicacións*

1. As solicitudes e comunicacións presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude ou comunicación presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. Para a presentación das solicitudes e comunicacións empregaranse os correspondentes formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, que se axustarán aos modelos recollidos nos anexos deste decreto.

3. As solicitudes e comunicacións reguladas neste decreto dirixiranse á persoa titular da xefatura territorial correspondente. A tramitación dos procedementos regulados neste decreto corresponde á xefatura territorial da consellería competente en materia de montes en cuxo ámbito se sitúe o monte ou terreo forestal obxecto da solicitude, ou comunicación, ou a maior superficie daquel, no caso de estar situado no ámbito de máis dunha xefatura territorial.

Artigo 14. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deben achegar coa solicitude ou comunicación, a documentación que a continuación se relaciona:

- a) Acreditación da representación, no seu caso.
- b) Acordo da asemblea xeral da comunidade propietaria (copia da acta da asemblea ou certificación), só para montes veciñais en man común.
- c) Certificación de que a solicitude ou comunicación realízase de conformidade coa lexislación que regule a toma de decisións na propiedade de que se trate (resto de entidades).
- d) Contrato de venda do aproveitamento forestal, para o caso de comunicación da concertación do alleamento dos aproveitamentos forestais.
- e) Xustificante da transferencia realizada, para o caso da realización das transferencias monetarias relativas aos aproveitamentos no monte.
- f) Proposición de alternativas ao contido do informe-proposta, para o caso de comunicación da aceptación ou oposición total ou parcial ao contido do dito informe-proposta.
- g) Certificado da administración tributaria, para o caso de comunicación do cambio no réxime de IVE que lle resulta de aplicación ás persoas titulares dos dereitos de aproveitamento dos montes obxecto do contrato.
- h) Outra documentación en relación coa comunicación ou solicitude, no seu caso.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente

a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude ou comunicación, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude, a declaración responsable ou a comunicación e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación destes de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 15. Comprobación de datos

1. Para a tramitación dos procedementos regulados neste decreto consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante ou comunicante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade solicitante ou comunicante.
- d) NIF da entidade representante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 16. *Práctica das notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 17. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e comunicacións

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude ou comunicación deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

CAPÍTULO II

A xestión forestal dos montes obxecto de contrato

Artigo 18. A xestión pola administración forestal e os proxectos de ordenación

1. A xestión forestal sostible dos montes con contratos temporais de xestión pública realizarase pola administración seguindo o establecido no correspondente proxecto de ordenación forestal.

2. Os proxectos de ordenación e as súas revisións e modificacións elaboraranse ben a instancia da persoa titular do dereito de aproveitamento do monte, ben a instancia da entidade que teña a responsabilidade da súa xestión.

3. Non obstante o previsto no número 2 deste artigo, en ausencia de iniciativa por parte da persoa titular do dereito de aproveitamento sobre o monte, ou da entidade que teña a responsabilidade da súa xestión, os proxectos de ordenación do monte e as súas revisións e modificacións poderán elaborarse a instancia da administración forestal. Nestes casos o importe da redacción do proxecto finalmente aprobado será computado integramente como anticipo reintegrable.

No caso de que o contrato temporal de xestión pública se asine antes da elaboración do proxecto de ordenación, o contrato producirá efectos no momento da aprobación do dito proxecto de ordenación. Mentres non se produza a aprobación a administración non realizará ningunha outra actuación no monte, sendo responsable da xestión do monte en todo caso a persoa titular dos dereitos de aproveitamento.

4. En todo caso, os proxectos de ordenación e as súas revisións e modificacións deberán ser redactados por persoal técnico competente en materia forestal regulado no artigo 8.24 da Lei 7/2012, do 28 de maio, de montes de Galicia, e seguindo as instrucións xerais de ordenación de montes de Galicia.

5. Con carácter xeral, os proxectos de ordenación forestal, desde o punto de vista da súa extensión, serán redactados a nivel monte, aínda que, logo de xustificación, poderán ser redactados conxuntamente para grupos de montes cuxa xestión sexa responsabilidade da mesma persoa física ou xurídica e presenten características semellantes. En todo caso, o plan especial desagregarase a nivel de monte.

6. A aprobación dos proxectos de ordenación forestal corresponde ao órgano forestal da Comunidade Autónoma, e no caso de que o proxecto de ordenación forestal sexa presentado pola administración, requirirase a conformidade da persoa titular dos dereitos de aproveitamento. Unha vez aprobado a administración inscribirá o proxecto de oficio no Rexistro de montes ordenados.

7. Calquera alteración debida á revisión de aspectos substanciais dos proxectos de ordenación forestal adaptarse ás condicións e prazos que se establecen nas instrucións xerais para a ordenación de montes, reguladas no Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.

8. A existencia dun proxecto de ordenación aprobado é un requisito previo esencial para a execución dos investimentos do contrato temporal de xestión pública. Mentres non se aproben as modificacións ou revisións esixidas no Decreto 52/2014, do 16 de abril, non se farán efectivos os investimentos previstos no contrato.

No caso de que, no prazo de 3 meses dende a presentación do proxecto, a xefatura territorial da consellería competente en materia de montes e a persoa titular dos dereitos sobre o monte non chegasen a un acordo nos termos e actuacións a desenvolver no proxecto de ordenación, a administración poderá ditar resolución de desistimento no expediente do contrato temporal de xestión pública, previa audiencia da persoa titular dos dereitos sobre o monte. Na resolución de desistimento liquidaráselle á persoa titular do dereito de aproveitamento o importe que lle corresponda pagar do custo dos traballos de redacción do proxecto de ordenación.

De non facerse efectivo o pago no prazo de 3 meses, a xefatura territorial anotará a débeda de forma preventiva en concepto de carga real no rexistro da propiedade, e as

persoas titulares do dereito de aproveitamento non poderán obter axudas ou beneficios de ningún tipo mentres non regularicen a situación de pagos.

9. O plan especial dos proxectos de ordenación de montes con contratos temporais de xestión pública terá unha duración de 10 anos.

10. Con carácter xeral, realizaranse todas as actuacións planificadas no plan especial.

Non obstante o anterior, de xeito excepcional e con previa xustificación técnica, determinadas actuacións planificadas no plan especial poderán non ser executadas, aplicándose o disposto no artigo 27 deste decreto.

Artigo 19. Certificación da xestión forestal sustentable

1. A xestión forestal dos montes obxecto do contrato deberá estar avaliada, como mínimo, por un sistema de certificación forestal recoñecido internacionalmente e validado polas correspondentes entidades de certificación.

2. Non será obrigatorio obter a certificación forestal nos casos recollidos nas letras e), f) e h) do apartado 1 do artigo 9 deste decreto, previa xustificación técnica.

Artigo 20. Aproveitamentos forestais

1. Para os efectos deste decreto entenderanse por aproveitamentos forestais todos os aproveitamentos que teñen como base territorial o monte e, en especial, os madeireiros e leñosos, incluída a biomasa forestal e as fibras naturais, e os non madeireiros, como a cortiza, os pastos, a caza, os froitos, os fungos, as plantas aromáticas e medicinais, os produtos apícolas e os demais produtos e servizos característicos dos montes, incluíndo as resinas, o almacenamento de carbono e outros servizos ecosistémicos.

2. Serán obxecto do contrato temporal de xestión pública os aproveitamentos que figuren nas cláusulas do contrato, sempre e cando a titularidade deles non fora obxecto de xestión por terceiras persoas. Neste caso, de existir un canon estipulado por eses aproveitamentos, o seu importe formará parte das partidas de ingresos aos que se lles aplicará a porcentaxe correspondente á fin de aboar o saldo debedor anticipado pola administración, tal como establece o artigo 33 deste decreto.

3. A xestión ben pola persoa titular dos dereitos de aproveitamento ben por terceiras persoas dos recursos forestais do monte que non se atopen incluídos no contrato deberá ser previamente autorizada pola administración forestal para garantir a súa

compatibilidade co previsto tanto no proxecto de ordenación coma no contrato temporal de xestión pública.

O incumprimento da obriga de solicitar autorización poderá ser causa de resolución do contrato. A dita solicitude realizarase empregando o anexo III (MRXXXA).

4. En masas de alto valor xenético declaradas consonte co previsto na lexislación vixente referida á conservación dos recursos xenéticos forestais e a obtención do material forestal de reprodución, a formalización do contrato implicará o outorgamento do aproveitamento destes recursos xenéticos a favor da administración forestal.

Artigo 21. *Alleamentos dos aproveitamentos do monte*

1. O alleamento de todos os aproveitamentos do monte corresponde, con carácter xeral, á persoa titular do dereito de aproveitamento, que deberá realizalos no prazo previsto no plan especial do proxecto de ordenación. O incumprimento reiterado poderá constituír causa de resolución do contrato, agás que exista xustificación técnica suficiente.

Os aproveitamentos madeireiros requirirán unha taxación previa realizada pola xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de montes ou por persoa técnica competente designada pola persoa titular dese dereito de aproveitamento.

2. A persoa titular do dereito de aproveitamento solicitará á xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de montes a remisión dos pregos de prescricións técnicas que rexerán a execución do aproveitamento e a taxación do mesmo, se é o caso. Para realizar a dita solicitude empregará o anexo III deste decreto (MRXXXA).

A xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de montes deberá remitir a información solicitada á persoa titular do dereito de aproveitamento no prazo dun mes.

Unha vez recibida a dita información, a persoa titular do dereito de aproveitamento concertará o alleamento dos aproveitamentos forestais cunha terceira persoa, segundo o previsto no plan especial do proxecto de ordenación, sen prexuízo do previsto no número seguinte. O alleamento comunicarase á xefatura territorial da consellería competente en materia de montes nun prazo de 15 días desde a sinatura do contrato de venda do aproveitamento forestal.

A comunicación do alleamento realizarase empregando o anexo II deste decreto (MRXXXA), e deberá achegarse como documentación complementaria o contrato de venda do aproveitamento forestal.

3. A administración poderá de forma facultativa asumir, segundo o previsto no contrato, o servizo para a xestión dos alleamentos dos aproveitamentos do monte. Neste caso e para os efectos do outorgamento da licenza de corta será esixible, amais do pago previo da porcentaxe do anticipo reintegrable, o abono previo da taxa polo servizo de xestión dos alleamentos dos aproveitamentos do monte, que figurará no contrato e se determinará como unha porcentaxe do importe de adxudicación de cada un dos aproveitamentos.

4. Aínda que a administración teña asumido o servizo para a xestión dos alleamentos dos aproveitamentos do monte, co fin de axilizar o procedemento de retirada da madeira e previr problemas fitosanitarios ou de perda do valor da madeira nun monte que fora afectado por unha catástrofe ou perturbación, mediante resolución motivada da xefatura territorial correspondente competente en materia forestal poderá autorizarse o alleamento directo da madeira polas persoas titulares do dereito de aproveitamento. A resolución da persoa titular da xefatura territorial deberá xustificar a excepcionalidade do episodio causante do dano ás masas forestais.

5. Con carácter xeral, o aproveitamento comportará a taxación previa.

Permitirase efectuar o aproveitamento sen taxación cando sexa necesario cortar un volume excepcional de madeira nun curto período incompatible cos prazos necesarios para a súa taxación, sempre que concorresen previas causas de forza maior tales como un incendio, unha praga ou doenza, un vendaval ou calquera outro tipo de perturbación que afectase de xeito grave ao arboredo, independentemente de cal sexa a persoa que xestione o alleamento.

6. En todo caso, o outorgamento da licenza de corta á que se refire o artigo 90 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, queda condicionado ao previo pago da porcentaxe de anticipo reintegrable fixado no contrato temporal de xestión pública pola persoa titular do dereito de aproveitamento, tendo en conta o previsto no artigo 35.3 deste decreto.

No caso dos aproveitamentos a resultas de liquidación final, unha vez que finalice o aproveitamento a persoa titular do dereito de aproveitamento ingresaralle á administración o exceso que perciba sobre a contía estimada inicialmente, de existir, no prazo dun mes a contar desde a data de emisión da factura. Tamén se liquidará a diferenza entre a taxa polo servizo de xestión dos alleamentos dos aproveitamentos do monte abonada inicialmente e a que correspondería polo importe final do aproveitamento.

De non facelo, procederase á súa anotación preventiva en concepto de carga real no rexistro da propiedade e as persoas titulares do dereito de aproveitamento non poderán obter axudas ou beneficios de ningún tipo mentres non regularicen a situación de pagos. Do mesmo xeito, no caso de que a liquidación fose inferior ao inicialmente estimado, a administración devolverá a parte correspondente á persoa titular do dereito de aproveitamento no prazo dun mes, a contar desde a data de emisión da factura.

7. A persoa titular do dereito de aproveitamento deberá comunicar á xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de montes a realización das transferencias monetarias previstas neste artigo, no prazo máximo de 10 días hábiles desde a súa realización, para o que empregará o anexo II deste decreto (MRXXXA), presentando como documentación complementaria o xustificante da transferencia realizada.

Unha vez recibida a comunicación, a xefatura territorial efectuará o correspondente asento contable.

CAPÍTULO III

Formalización dos contratos temporais de xestión pública

Artigo 22. Procedemento para a substitución dun consorcio ou convenio existente polo novo contrato temporal de xestión pública.

1. Para a substitución dun consorcio ou convenio existente polo novo contrato temporal de xestión pública, estarase ao disposto neste decreto e na disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
2. O prazo para solicitar a substitución dun consorcio ou convenio existente polo novo contrato temporal de xestión pública será de 6 meses a contar desde a entrada en vigor deste decreto. A solicitude realizarase empregando o anexo III (MRXXXA) deste decreto.
3. Se non se produce a solicitude de substitución en prazo, a administración terá dereito a continuar as actuacións que estea a realizar no monte ata a súa finalización, sempre que exista un compromiso da administración con terceiras persoas, liquidando ao finalizar os expedientes as cantidades que estiveran previstas no consorcio ou convenio.

Artigo 23. Publicación das bases reguladoras das convocatorias para a formalización dos contratos temporais de xestión pública

1. A consellería competente en materia de montes establecerá mediante orde as bases reguladoras da convocatoria para a formalización dos contratos temporais de xestión pública, baixo os principios de publicidade, transparencia e concorrencia, así como de estabilidade.
2. Con carácter periódico acordaranse as convocatorias de solicitudes para a formalización dos contratos temporais de xestión pública, que serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia* mediante resolución do órgano forestal.
3. Nos casos recollidos nos apartados e), f) e h) do artigo 9.1 deste decreto, previa xustificación técnica, a administración forestal poderá impulsar e asinar contratos temporais de xestión pública sen convocatoria previa, atendendo ao interese público no que se basean.

Artigo 24. *Contido mínimo do contrato temporal de xestión pública*

1. O contrato temporal de xestión pública conterá como mínimo:

- a) A identificación das partes asinantes, incluíndo expresamente a tipoloxía das recollidas no artigo 9.1 deste decreto que será de aplicación.
- b) A especificación do dereito de aproveitamento de que dispón a parte que presentou a solicitude.
- c) A especificación da porcentaxe do monte sobre a que se formaliza o contrato respecto da totalidade integrante do monte, para os efectos do previsto no artigo 4 deste decreto. Cando existan superficies previamente cedidas a terceiras persoas, detallarase a súa identificación territorial, incluídas as referencias catastrais, a duración da cesión e as prórrogas previstas no contrato.
- d) A identificación territorial, incluídas as referencias catastrais, do monte obxecto do contrato.
- e) A duración do contrato e, de ser o caso, das prórrogas previstas.
- f) Os dereitos e obrigas de ambas partes contratantes.
- g) A porcentaxe de anticipo reintegrable, o cadro de amortización, os xuros e a porcentaxe subvencionable.
- h) A especificación do réxime do IVE (xeral ou especial) no que tributa a persoa titular do dereito de aproveitamento asinante do contrato.
- i) As modalidades de xestión, seguimento, control e avaliación.
- j) A posibilidade de subrogacións, resolución contractual e extinción.
- k) O réxime xurídico do contrato e a xurisdición á que, en caso de conflito, se somete o contrato.
- l) A acta previa do estado forestal actual do monte, que figurará como anexo do contrato.
- m) A cantidade anual en concepto de servizos de xestión que as persoas titulares do dereito de aproveitamento haberán de reservar.

2. O contrato establecerá as obrigas a cumprir por ámbalas dúas partes asinantes, expresadas de xeito determinado e concreto nos seus aspectos cualitativos e cuantitativos, resultando o seu contido comprensible e inequívoco e o seu cumprimento obxectivamente verificable.

3. A persoa titular do servizo competente en materia de montes da xefatura territorial correspondente asinará, xunto coa persoa titular do dereito de aproveitamento, unha acta previa do estado no que se atopa o monte antes da sinatura do contrato.

A proposta de acta será elaborada por persoal técnico do servizo competente en materia de montes da xefatura territorial correspondente.

Artigo 25. *Sinatura dos contratos temporais de xestión pública*

1. A sinatura do contrato temporal de xestión pública correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de montes e á persoa titular dos dereitos de aproveitamento do monte, e non implicará en ningún caso a transferencia da titularidade do monte á administración.

2. Nos montes obxecto dos contratos temporais de xestión pública as persoas titulares dos dereitos de aproveitamento non poderán ser beneficiarias de ningún tipo de axuda pública ou privada vencellada á actividade forestal, para aquelas actuacións que poidan ser financiadas con cargo ao establecido no contrato temporal de xestión pública.

3. Para poder obter de forma concorrente co contrato temporal de xestión pública outras axudas públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, sobre a actividade no monte distintas das indicadas no punto anterior, será necesario informe preceptivo e favorable, de carácter previo, sobre a súa compatibilidade co proxecto de ordenación. Este informe o emitirá a persoa titular do servizo competente en materia de montes da xefatura territorial correspondente, previa solicitude realizada empregando o anexo III (MRXXXA).

No informe figurarán as obrigas de información á administración sobre as actuacións a realizar que as persoas titulares dos dereitos de aproveitamento adquiren para asegurar o mantemento da certificación forestal e a integridade dos datos do Sistema de xestión forestal sostible da Xunta de Galicia ou sistema equivalente.

Artigo 26. *Inscripción dos contratos temporais de xestión pública*

A administración forestal deberá inscribir os contratos temporais de xestión pública no Sistema Rexistral Forestal de Galicia establecido no artigo 126 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dentro da sección “Rexistro de montes de xestión pública”.

Artigo 27. *Informes anuais*

1. No primeiro trimestre de cada ano, a persoa titular do servizo competente en materia de montes da xefatura territorial correspondente elaborará un informe que incluírá, como mínimo, o seguinte:

a) A execución no ano anterior das actuacións contempladas no proxecto de ordenación, e as posibles incidencias puntuais de xestión.

b) Un capítulo contable, no que se reflecta o estado das contas do contrato temporal de xestión pública.

Este informe será remitido á persoa titular do dereito de aproveitamento.

2. No caso da existencia de incidencias que supoñan cambios substanciais sobre a planificación recollida no proxecto de ordenación, a xefatura territorial da consellería competente en materia de montes da provincia na que radique o monte obxecto do contrato remitirá á persoa titular do aproveitamento do monte un informe-proposta para a súa aceptación segundo o previsto na lexislación que regule a toma de decisións na propiedade de que se trate. De non recibirse no prazo de un mes ningunha alegación, entenderanse aceptadas as propostas remitidas.

3. A persoa titular dos dereitos de aproveitamento poderá opoñerse total ou parcialmente á realización das propostas que consten no informe, proponendo outras alternativas. Esta comunicación realizarase empregando o anexo II (MRXXXA) deste decreto, incluíndo como documentación complementaria o documento de proposición de alternativas.

4. No prazo dun mes desde a recepción das propostas que, de ser o caso, presente a persoa titular, a xefatura territorial da consellería competente en materia de montes comunicarlle a súa aceptación ou rexeitamento total ou parcial, acompañando un informe da persoa responsable operativa.

5. No caso de que as propostas presentadas pola persoa titular do aproveitamento non sexan admitidas e comprometan a viabilidade do contrato, a xefatura territorial poderá propoñer á resolución do contrato.

6. A administración forestal informará anualmente ao Consello Forestal de Galicia sobre a situación xeral dos contratos temporais de xestión pública.

Artigo 28. Duración dos contratos temporais de xestión pública

1. Con carácter xeral, os contratos temporais de xestión pública terán unha duración máxima de 10 anos desde o momento no que sexa de aplicación plan especial do proxecto de ordenación, sen prexuízo do indicado no apartado 2 deste artigo e das súas posibles prórrogas.

Nos casos recollidos nos apartados e), f) e h) do artigo 9.1 deste decreto a duración máxima dos contratos será de 20 anos.

Os contratos temporais de xestión pública motivados pola declaración da situación de xestión cautelar consideraranse vixentes mentres se manteña a dita situación de xestión cautelar.

2. Non obstante o indicado no número 1 deste artigo, no caso de que remate o período de vixencia establecido no contrato e non se reintegrara o saldo debedor, prorrogarase o contrato automaticamente ata que se produza o completo pago do dito saldo cos seus xuros correspondentes.

No caso de que concorrendo unha prórroga as actuacións previstas no plan especial do proxecto de ordenación vixente rematasen, deberá tramitarse unha modificación ou revisión del, á que se axustarán as actuacións a realizar.

3. Independentemente dos prazos estipulados de duración do contrato, en caso de pagamento da totalidade do saldo debedor o contrato quedará extinguido, agás que se producisen situacións puntuais que supoñan a extinción conxuntural do saldo debedor, pero que non varíen o estado de insuficiencia ou inexistencia de recursos económicos e financeiros do monte.

Estas situacións puntuais citadas poderán derivarse da percepción de ingresos, de carácter puntual ou extraordinario, a consecuencia, entre outras, da afectación por incendio, temporal ou por pragas e/ou doenzas ou como consecuencia de actos de disposición de carácter forzoso. En calquera caso, ante a concorrencia destas causas, a persoa titular do dereito de aproveitamento deberá solicitar a continuidade do contrato nun prazo máximo de tres meses dende que se producise o pagamento da totalidade do saldo debedor, empregando para elo o anexo III (MRXXXA). De non facelo, a administración poderá resolver o contrato.

Artigo 29. Obrigas da administración

A administración asinante dos contratos temporais de xestión pública estará obrigada a:

- a) Acometer os investimentos en obras e/ou servizos previstos no plan especial do proxecto de ordenación, así como aqueloutros que, non contemplados no dito proxecto, sexan necesarios, sempre previa achega da súa xustificación técnica e cando se trate de aspectos substanciais.
- b) Desempeñar o servizo técnico de xestión e a execución del, conforme ao proxecto de ordenación, de ser o caso.
- c) Levar unha contabilidade dos ingresos e gastos derivados dos aproveitamentos forestais e investimentos nos montes, independente por cada un dos contratos asinados, e emitir un informe dela cos resultados obtidos no último ano, consonte o disposto no artigo 32.
- d) Someter a xestión á avaliación de cando menos un sistema de certificación forestal recoñecido internacionalmente e validado polas correspondentes entidades de certificación.

- e) Fomentar e velar polo cumprimento do proxecto de ordenación e o mantemento da certificación forestal, mesmo tras a conclusión do contrato temporal de xestión pública.
- f) Nomear cando menos unha persoa responsable operativa e unha responsable operativo auxiliar da xestión pública.
- g) Establecer os pregos técnico-facultativos que regulen os aproveitamentos, a fin de velar pola xestión forestal sostible.

Artigo 30. *Dereitos da administración*

A administración terá dereito a:

- a) Percibir as cotas porcentuais fixadas nos contratos temporais de xestión pública subscritos, provenientes dos ingresos obtidos polos aproveitamentos do monte e dos derivados de actos de disposición voluntaria, os ingresos procedentes de expropiacións, ou calquera outro ingreso de natureza extraordinaria, ata recuperar as cantidades investidas pola administración en concepto de anticipos reintegrables cos xuros correspondentes.
- b) Percibir o importe que corresponda pola execución dos servizos de xestión forestal e os servizos de xestión dos alleamentos forestais.
- c) Realizar tanto os controis administrativos como as inspeccións en campo, en relación á observancia tanto dos compromisos contraídos, como do cumprimento das condicións previstas no contrato.
- d) Gravar cunha servidume de uso a favor da Xunta de Galicia as infraestruturas creadas ou melloradas consonte ao contrato temporal de xestión pública.
- e) Recuperar o importe que lle corresponda do custo de redacción do proxecto de ordenación, no caso de que se dite resolución de desistimento.
- f) Fixar os pregos técnico-facultativos para os aproveitamentos incluídos no contrato.

Artigo 31. *Obrigas das persoas titulares dos dereitos de aproveitamento asinantes do contrato temporal de xestión pública*

Ademais dos deberes específicos das persoas propietarias dos montes privados na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e especialmente no seu artigo 44.2, as persoas titulares dos dereitos de aproveitamento dos montes asinantes do contrato temporal de xestión pública estarán obrigados a:

- a) Poñer á disposición da consellería con competencias en materia de montes os terreos obxecto do contrato para a realización das actuacións, investimentos e xestión do monte segundo o contrato aprobado polas partes.

- b) Ingresar as cotas porcentuais fixadas nos contratos subscritos, procedentes dos ingresos obtidos polos aproveitamentos do monte e dos derivados de actos de disposición voluntaria, os ingresos procedentes de expropiacións, ou calquera outro ingreso de natureza extraordinaria.
- c) Saldar a débeda xerada polos anticipos reintegrables cos xuros correspondentes segundo o que prevexa o cadro de amortización previsto no artigo 35.
- d) Realizar o pagamento dos servizos de xestión forestal, e no caso de que corresponda, os servizos de xestión dos alleamentos forestais.
- e) Rematado o contrato temporal de xestión pública, as persoas titulares do dereito de aproveitamento estarán obrigados a levar a cabo unha xestión profesional do monte, xa sexa por medios propios ou mediante asesoramento técnico especializado de carácter externo, e á actualización e ao cumprimento do proxecto de ordenación.
- f) Rematado o contrato temporal de xestión pública, as persoas titulares do dereito de aproveitamento estarán obrigadas ao mantemento dos investimentos polo prazo exixible segundo a lexislación do fondo ou fondos cos que se financiaron. En caso de incumprimento, será pola súa conta calquera devolución que deba producirse.
- g) Manter o monte durante a vixencia do contrato no estado de indivisión existente no momento da sinatura do contrato, podendo agregarse nova superficie ao contrato inicialmente asinado, mediante adenda correspondente.
- h) Solicitar autorización á xefatura territorial da consellería competente en materia de montes para impoñer sobre o monte calquera tipo de carga ou gravame, agás servidumes legais ou forzosas, empregando para elo o anexo III (MRXXXA).
- i) Facilitar toda a información que lles sexa requirida polos órganos competentes.
- j) Permitir a realización dos controis administrativos e as inspeccións en campo, en relación á observancia tanto dos compromisos contraídos como do cumprimento das condicións previstas no contrato.
- k) Solicitar autorización previa á xefatura territorial da consellería competente en materia de montes para, previo informe de compatibilidade cos fins globais do proxecto, acometer polos seus propios medios ou mediante axudas doutros departamentos ou administracións, inversións en actividades e/ou instalacións recreativas, lúdicas ou asistenciais no monte.
- l) Solicitar autorización previa á xefatura territorial da consellería competente en materia de montes para realizar novos actos que supoñan a cesión da xestión a terceiras persoas.
- m) Solicitar autorización previa á xefatura territorial da consellería competente en materia de montes para ceder a terceiras persoas aproveitamentos que non afecten aos previstos no contrato.
- n) Comunicar a realización das transferencias dos alleamentos dos aproveitamentos no prazo máximo dun mes desde a súa realización.
- o) Comunicar o réxime do IVE que lles resulta de aplicación e calquera cambio que se produza nese réxime durante a vixencia do contrato.

Artigo 32. Dereitos das persoas titulares dos dereitos de aproveitamentos dos montes

As persoas titulares dos dereitos de aproveitamento terán dereito a:

- a) Conservar, nos casos en que sexan propietarias do monte, a plena titularidade deste.
- b) O aproveitamento sustentable dos recursos existentes no monte.
- c) Solicitar á administración o servizo de xestión dos alleamentos dos aproveitamentos do monte obxecto do contrato.
- d) Dar a súa conformidade expresa aos proxectos de ordenación.
- e) Recibir copia do informe anual do estado das contas resultantes da aplicación do contrato.
- f) Ser informadas das incidencias que se puideran producir durante a xestión do monte pola administración, así como dos resultados das auditorías en materia de certificación forestal.
- g) Facer súas todas as melloras realizadas no monte consonte ao contrato, tendo en conta o previsto na letra d) do artigo 30.

Artigo 33. Resolución dos contratos temporais de xestión pública

1. Constitúe causa de resolución do contrato por vontade de calquera das partes a recuperación por parte da administración da contía dos anticipos realizados, incluída a súa devolución anticipada, en ambos casos cos xuros correspondentes, agás que se dean as circunstancias indicadas no artigo 28.3.

2. A administración poderá resolver o contrato polas seguintes causas:

- a) Imposición de cargas ou gravames forzosas ou voluntarias sobre o monte, agás servidumes legais ou forzosas.
- b) División ou segregación das fincas obxecto do contrato, agás que sexan de carácter forzoso.
- c) Atraso inescusable ou incumprimento das obrigas, debidamente acreditado.
- d) Autorización a terceiras persoas por parte do titular do dereito de aproveitamento ou realización por este de calquera uso ou actividade na superficie obxecto de contrato non contemplado no proxecto de ordenación, sen acordo previo entre as partes. Se se alteran as actuacións financiadas pola administración, segundo criterio técnico motivado, na execución do proxecto de ordenación como consecuencia da autorización ou realización pola persoa titular do dereito de aproveitamento de actividades incompatibles cos usos dispostos en dito proxecto, o importe das actuacións que se tivesen realizado imputarase integramente como anticipo reintegrable.
- e) O incumprimento reiterado dos prazos previstos no proxecto de ordenación para o alleamento dos aproveitamentos do monte, agás que exista xustificación técnica suficiente.

- f) A obtención dunha axuda pública ou privada vencellada á actividade forestal para actuacións que sexan financiadas con cargo ao establecido no contrato temporal de xestión pública.
- g) A obtención dunha axuda pública ou privada, nacional ou internacional, sobre a actividade no monte sen obter previamente o informe favorable sobre a súa compatibilidade co proxecto de ordenación, previsto no artigo 25 deste decreto, ou a súa obtención en contra do disposto nese informe.
- h) Impedir a realización dos controis administrativos e as inspeccións en campo en relación á observancia tanto dos compromisos contraídos como do cumprimento das condicións previstas no contrato.
- i) A discrepancia ante cambios substanciais regulada no artigo 27 deste decreto.
- j) A inadmisión das propostas presentadas pola persoa titular do aproveitamento, se comprometen a viabilidade do contrato.
- k) O alleamento voluntario dun monte que sexa obxecto dun contrato temporal de xestión pública se a persoa adquirente non se subroga nos dereitos e obrigas da persoa vendedora no dito contrato.
- l) A cesión da xestión de todo ou parte do monte obxecto do contrato a terceiras persoas durante a vixencia do contrato sen obter a previamente a autorización da administración forestal.
- m) A cesión da xestión por terceiros de aproveitamentos que non afecten aos previstos no contrato sen obter a previamente a autorización da administración forestal.
- n) A superación do límite do 30 por cento da superficie cedida a terceiras persoas durante a vixencia do contrato, tendo en conta o previsto no artigo 4.3 deste decreto.

3. No caso de cambio de titularidade do monte por sentenza xudicial firme, resolución administrativa, laudo arbitral, agás as resultantes dun procedemento de concentración parcelaria ou expropiación forzosa, poderase dar por resolto o contrato previa audiencia á nova persoa titular, tendo dereito a administración tanto á recuperación do anticipo reintegrable pendente de abono, cos xuros correspondentes, como ao resarcimento dos danos e prexuízos ocasionados, debidamente acreditados.

4. En caso de que o monte obxecto do contrato sexa incluído nun procedemento de concentración parcelaria ou estea afectado por un procedemento expropiatorio que comporte unha modificación substancial na superficie obxecto do contrato, os compromisos previstos nel deben ser adaptados á nova situación do monte, revisando ou mesmo modificando o seu contido. Entenderase por modificación substancial da superficie obxecto do contrato calquera alteración que obrigue á modificación do plan xeral do proxecto de ordenación.

Se a adaptación non fose posible, ou a porcentaxe da superficie modificada do contrato supera o 50 por cento ou provoca a perda de coherencia do devandito contrato, a administración poderá resolver o contrato.

5. Constitúe unha condición esencial para poder allear de forma voluntaria un monte que é obxecto dun contrato temporal de xestión pública que a persoa adquirente se subrogue nos dereitos e obrigas da persoa vendedora no dito contrato temporal de xestión pública. En caso contrario a administración poderá resolver o contrato.

6. En caso de imposibilidade de cumprir co proxecto de ordenación por causa de forza maior debidamente acreditada, o contrato poderá resolverse.

7. Sen prexuízo da determinación dos supostos de forza maior conforme ao previsto na lexislación e na xurisprudencia, para os efectos deste decreto terán a consideración de supostos de forza maior os seguintes:

- a) A catástrofe natural grave.
- b) A praga ou doenza que afecte á totalidade o a unha parte importante dos aproveitamentos.
- c) Os sucesos reiterados que imposibiliten a execución do previsto no proxecto de ordenación.

8. Unha vez que o contrato se resolva, a administración terá dereito á devolución do saldo debedor no prazo dun mes desde que a dita resolución se comunique á persoa titular do dereito de aproveitamento. No caso de que o abono non se faga efectivo, a administración procederá a anotar a cantidade non satisfeita en concepto de carga real no rexistro da propiedade e as persoas titulares do dereito de aproveitamento non poderán obter axudas ou beneficios de ningún tipo mentres non regularicen a situación de pagos.

CAPÍTULO IV

Contabilidade e fiscalidade dos contratos temporais de xestión pública

Artigo 34. Natureza dos investimentos

1. Os investimentos nas obras e servizos realizados con cargo aos contratos temporais de xestión pública terán en xeral, en parte, natureza de anticipos reintegrables, e en parte a consideración de anticipo non reintegrable.

A intensidade máxima do anticipo non reintegrable será aquela que corresponda consonte o anexo I deste decreto.

2. O importe do IVE deberá ser reintegrado na súa totalidade. Do mesmo xeito, a taxa anual pola prestación individualizada de servizos de xestión forestal, e de ser o caso, de servizos para a xestión dos alleamentos forestais, deberá ser aboada pola persoa titular dos dereitos de aproveitamento. Nos casos de xestión cautelar pola administración forestal e de que a insuficiencia de recursos económicos e financeiros

sexa tal que non permita o abono anual das taxas, estas cantidades computaranse integramente como anticipo reintegrable.

3. A taxa anual pola prestación individualizada de servizos de xestión forestal determinarase en función do número e importe das actuacións en materia de investimentos previstas no plan especial do proxecto de ordenación aprobado.

4. As taxas en concepto de dirección de obra, así como calquera outra necesaria para a realización de obras e servizos, serán soportadas pola persoa adxudicataria das obras ou encargado do servizo, e polo tanto non computarán para os efectos previstos da contabilidade do contrato temporal de xestión pública.

Artigo 35. *Anticipos reintegrables e non reintegrables*

1. O importe correspondente ao anticipo reintegrable xerará os xuros que quedarán establecidos segundo os cadros de amortización que se publicarán en cada convocatoria de formalización de contratos temporais de xestión pública, e que quedarán expresamente recollidos no contrato.

2. A devolución dos anticipos reintegrables e os xuros correspondentes farase pola persoa titular dos dereitos de aproveitamento con cargo á porcentaxe correspondente dos ingresos obtidos por todos os aproveitamentos do monte e dos derivados de actos de disposición voluntaria, dos ingresos procedentes de expropiacións, ou de calquera outro ingreso de natureza extraordinaria obtido del. Esta porcentaxe ven determinada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e por este decreto.

3. Non obstante o disposto no número anterior, a porcentaxe a ingresar no caso de que existan ingresos xerados a partires dos produtos resultantes de incendios forestais, pragas ou temporais, será do 100 por cento, non estando comprendidos entre os ditos produtos resultantes as indemnizacións derivadas da cobertura dun seguro forestal.

A administración forestal deberá destinar a totalidade dos ingresos previstos neste número á restauración e mellora da superficie afectada, que sexa, así mesmo, obxecto do contrato temporal de xestión pública que xerou os fondos, segundo o previsto no artigo 40.3 deste decreto.

4. No caso dos montes veciñais en man común e dos montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou fabeo, todo o gasto realizado, tanto o anticipo reintegrable como o anticipo non reintegrable, terá a condición de reinvestimento en mellora e protección forestal consonte ao disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. De igual xeito, o importe correspondente de anticipo non reintegrable terá a consideración de ingreso.

Artigo 36. Contabilidade dos contratos temporais de xestión pública

1. A xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de montes realizará asentos contables de modo diferenciado en cada contrato asinado.
2. As contas dos contratos temporais de xestión pública actualizaranse anualmente de acordo cos xuros correspondentes e serán comunicadas mediante a elaboración dun informe, no que figurará o cadro de amortización, segundo o previsto no artigo 27.
3. O criterio aplicado no rexistro de asentos contables basearase nun principio de devengo, de xeito tal que a imputación de ingresos e gastos deberá facerse en función da corrente real de bens e servizos que os mesmos representan e con independencia do momento no que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles. Deste xeito, computaranse no exercicio onde se realizou a actuación, e polo tanto se facturou, independentemente de cando se tivese pagado ou cobrado.

Artigo 37. Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) nos contratos temporais de xestión pública

1. As persoas titulares dos dereitos de aproveitamento dos montes obxecto do contrato teñen a consideración de suxeitos pasivos do IVE, polo que serán elas as que deberán figurar como persoas destinatarias nas facturas.
2. Cando a administración satisfaga materialmente o importe das facturas polas obras e servizos executados, esta deberá figurar tamén nas facturas.
3. As persoas titulares dos dereitos de aproveitamento dos montes estarán obrigadas a comunicar por escrito á xefatura territorial da consellería competente en materia de montes cal é o réxime de IVE que lles resulta de aplicación, así coma calquera cambio que se produza deste, unha vez feita a comunicación inicial. A comunicación inicial formará parte do contido mínimo do contrato e os cambios que se produzan respecto do réxime do IVE deberá comunicalos a persoa titular do dereito de aproveitamento á xefatura territorial da consellería competente en materia de montes nun prazo máximo de 10 días desde que se produza. A dita comunicación realizarase empregando o anexo II (MRXXXA) deste decreto, acompañando como documentación complementaria o certificado da administración tributaria que acredita o réxime aplicable.

Artigo 38. Controis, infraccións e sancións

1. A observancia dos compromisos contraídos e o cumprimento de todas as condicións legais están sometidos a control por parte da administración forestal. Este

control poderase realizar en diferentes épocas do ano, e poderá consistir tanto en controis administrativos como en inspeccións sobre o terreo.

2. As persoas titulares do dereito de aproveitamento deben permitir a realización dos controis previstos no numero anterior, de xeito tal que, a negativa ou oposición, é causa de resolución do contrato e de inicio do procedemento de reembolso dos anticipos reintegrables con resarcimento de danos e abono de xuros, sen prexuízo das sancións que resulten aplicables.

3. Ás persoas titulares do dereito de aproveitamento seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas en materia de montes e demais normativa en vigor.

Artigo 39. *Control financeiro*

1. Sen prexuízo dos controis administrativos que se detallarán nas bases reguladoras, a consellería competente en materia de montes poderá realizar as comprobacións e inspeccións que considere oportuno co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada.

2. A consellería facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en aplicación do marco legal vixente e a súa normativa de desenvolvemento. De igual xeito, e sempre que as actuacións estean financiadas mediante fondos estruturais e de investimento europeos, as partes asinantes do contrato estarán obrigadas a facilitar toda a información que lles sexa requirida polos órganos de auditoría e control de ditos fondos.

3. Así mesmo, as partes asinantes do contrato estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control, así como ás actuacións de comprobación que poida efectuar calquera órgano comunitario de inspección ou control.

CAPÍTULO V

Fondo de Melloras

Artigo 40. *Fondo de Melloras*

1. A teor do disposto no artigo 124 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, créase o Fondo de Melloras coas tres seccións previstas na dita lei:

- a) Sección de montes catalogados de dominio público.
- b) Sección de montes patrimoniais pertencentes á Comunidade Autónoma.
- c) Sección de montes que presentan un contrato temporal de xestión pública.

2. O fondo ten carácter finalista, destinándose exclusivamente a financiar gastos, na modalidade de financiamento condicionado, nas actuacións en materia de xestión forestal sustentable dos montes e á realización de investimentos forestais de acordo coas actuacións dispostas nos proxectos de ordenación aprobados.

Estas actuacións teranse que desenvolver con cargo a este fondo ou mediante outras partidas orzamentarias habilitadas para o efecto.

O fondo financiarase con achegas da administración autonómica galega e doutras administracións públicas, coas procedentes de doazóns ou outras achegas do sector privado, así coma cos rendementos derivados das propias operacións do fondo.

Os ingresos no fondo, incluídos os procedentes de financiamento privado, serán conceptos diferenciados e contabilizaranse de forma separada nun subconcepto propio dentro do concepto de ingresos patrimoniais.

3. Ingresaranse integramente na correspondente sección os ingresos obtidos polo alleamento dos aproveitamentos forestais despois de incendios forestais, pragas ou temporais. No caso de que existan excedentes logo da restauración do monte, serán reintegrados á persoa titular do dereito de aproveitamento e aplicaráselles o marco legal vixente.

Para os efectos deste decreto consideraranse gastos de restauración a rexeneración das zonas afectadas, a restauración hidrolóxico-forestal e a modificación ou revisión do proxecto de ordenación.

4. A xestión do fondo realizarase pola dirección xeral competente en materia de montes.

Artigo 41. Regras de distribución

O fondo financiará prioritariamente a redacción dos proxectos de ordenación e as súas modificacións ou revisións, e as actuacións de rexeneración forestal, por ser aquelas que, xunto cos aproveitamentos, contribúen en maior medida á consecución dos obxectivos da ordenación dos montes e por tanto á súa sostibilidade.

Artigo 42. Sección de montes catalogados de dominio público

1. No caso dos montes catalogados dos que sexa titular unha entidade local, esta ingresará na sección de montes catalogados de dominio público unha contía mínima correspondente ao 40 % do importe polo que se adxudicasen os aproveitamentos

forestais, ou dos rendementos obtidos por autorizacións, concesións, servidumes ou calquera outra actividade voluntaria ou non que se desenvolva no monte. Esta contía poderá ser acrecentada voluntariamente polas ditas entidades.

2. No caso dos montes catalogados dos que sexa titular a Xunta de Galicia, esta ingresará ao fondo de melloras o 100 % do importe polo que se adxudicasen o aproveitamentos e rendementos da tipoloxía indicada no parágrafo anterior.

Artigo 43. Sección de montes patrimoniais pertencentes á Comunidade Autónoma.

Na Sección de montes patrimoniais pertencentes á Comunidade autónoma, ingresaranse ao fondo de melloras o 100 % dos aproveitamentos e rendementos.

Artigo 44. Sección de montes que presentan un contrato temporal de xestión pública.

1. As persoas asinantes do contrato temporal de xestión pública ingresarán nesta sección un mínimo do 30% dos ingresos obtidos por todos os aproveitamentos e dos derivados de actos de disposición voluntaria, dos ingresos procedentes de expropiacións, ou calquera doutro ingreso de natureza extraordinaria, ata satisfacer as cantidades investidas pola administración forestal no monte en concepto de anticipos reintegrables.

2. No estado de contas do monte anotarase como anticipo reintegrable un 10% adicional dos ingresos indicados no número anterior, ao obxecto de contribuír á estabilidade orzamentaria do fondo.

Isto non será de aplicación aos supostos recollidos nas letras e), f) e h) do artigo 9.1 deste decreto, atendendo ao interese público no que se basean os contratos destas tipoloxías, nin ao suposto recollido na letra b), polas especiais limitacións ao aproveitamento forestal que soportan os montes protectores.

3. Unha vez aboados os ingresos percibidos polos aproveitamentos do monte e dos derivados de actos de disposición voluntaria, dos ingresos procedentes de expropiacións, ou de calquera outro ingreso de natureza extraordinaria, as persoas titulares dos montes deberán depositar no prazo dun mes, mediante transferencia, as cotas porcentuais de aplicación no Fondo de Melloras previstas no número anterior. De non facelo, a xefatura territorial anotará a débeda de forma preventiva en concepto de carga real no rexistro da propiedade, e as persoas titulares do dereito de aproveitamento non poderán obter axudas ou beneficios de ningún tipo mentres non regularicen a situación de pagos.

No caso de alleamentos forestais, a licenza de aproveitamento ou desfrute non será emitida polo órgano forestal ata que o dito depósito se tivera realizado, coa especificidade establecida no artigo 21.5.

4. Na situación xurídica de xestión cautelar pola administración forestal, ata que se produza a devolución efectiva do monte veciñal á comunidade, ingresaranse o 100 % dos ingresos do monte nesta sección do Fondo de melloras independentemente da existencia ou non de anticipo reintegrable pendente de satisfacer.

5. A cantidade anual en concepto de gastos por servizos de xestión non será depositada no Fondo de Melloras, e as súas contías serán fixadas e actualizadas consonte á normativa tributaria da Comunidade Autónoma, depositándose onde corresponda consonte á súa natureza de taxa por prestación individualizada de servizo.

Artigo 45. Control do Fondo pola administración

1. A Xunta de Galicia ostentará as facultades de inspección, intervención, control e coordinación do Fondo mediante a fiscalización das contas aprobadas dos traballos e investimentos realizados anualmente co Fondo de melloras.

2. No fondo de melloras deberanse realizar os asentamentos contables de xeito diferenciado segundo as seccións ás que correspondan.

Artigo 46. Das achegas privadas ao fondo de melloras

1. As achegas privadas ao fondo de melloras beneficiaranse dos incentivos fiscais ao mecenado regulados no Título III da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e demais normativa autonómica e estatal, nos termos que se deduzan dela.

2. En todo caso, e para os efectos das súas competencias, a administración autonómica recoñecerá as achegas realizadas ao fondo como dirixidas a fins de interese xeral, vinculados á asistencia social e promoción da acción social, defensa do medio ambiente e de desenvolvemento do tecido produtivo agroforestal.

3. As achegas privadas poderán consistir en donativos, doazóns e achegas irrevogables, puras e simples. Así mesmo, poderán formalizarse convenios de colaboración en actividades de interese xeral, de acordo coa regulación da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Disposición adicional primeira. Comisión de Montes de Dominio Público Catalogados

1. Créase a Comisión de Montes de Dominio Público Catalogados, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que se rexerá polas normas de funcionamento dos

órganos colexiados previstas na sección terceira do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. Esta comisión estará integrada por:

- a) A persoa titular do órgano forestal, que a presidirá.
- b) Unha persoa designada pola Secretaría Xeral Técnica da consellería competente en materia de montes, que exercerá a secretaría dela.
- c) A persoa titular da subdirección con competencias en materia de recursos forestais, en calidade de vogal.
- d) A persoa titular do servizo que se encargue da xestión dos montes públicos catalogados, en calidade de vogal.
- e) Unha persoa funcionaria de carácter técnico adscrita á dirección xeral con competencias en materia de montes, en calidade de vogal.
- f) As persoas titulares dos servizos provinciais con competencia en materia de montes, en calidade de vogais.
- g) Dúas persoas representantes por provincia das entidades propietarias, excluída a Xunta de Galicia, en calidade de vogais.

3. Son competencias desta comisión:

- a) Proponer a aprobación dos proxectos de ordenación forestal ou dos plans anuais de melloras dos montes catalogados á Administración forestal, mediante informe favorable das actuacións recollidas.
- b) Aprobar as contas xustificativas dos traballos e dos investimentos realizados anualmente con cargo á sección de montes catalogados de dominio público do fondo de melloras.
- c) Elaborar, no primeiro trimestre de cada exercicio, unha memoria de xestión do fondo de melloras da sección de montes catalogados de dominio público, que conterá unha relación dos ingresos efectuados e a razón destes, así como a exposición dos investimentos realizados e as súas condicións técnicas e económicas en execución do plan durante o exercicio pasado.
- d) Realizar aquelas outras competencias que lle sexan conferidas mediante orde da consellaría competente en materia de montes.

4. A comisión reunirse cando menos unha vez ao ano para o desenvolvemento das súas funcións.

Disposición adicional segunda. Seguro de responsabilidade civil

1. A administración poderá subscribir un seguro de responsabilidade civil que preste cobertura a todos aqueles danos persoais ou materiais, incluídos, entre outros, os causados polo gando que deambule nas zonas obxecto de contrato temporal de xestión pública sen a previa autorización da persoa titular do dereito de aproveitamento, en particular daquel gando que deambule sen identificación.

2. O custo do seguro repercutirase segundo se recolla nas bases do contrato.

Disposición transitoria primeira. *Cancelación dos consorcios ou convenios existentes*

1. As persoas titulares dos montes que tiveran asinado un consorcio ou convenio coa administración forestal disporán do prazo de 6 meses desde a entrada en vigor desta norma para solicitar a súa substitución por un contrato temporal de xestión pública, consonte co previsto no artigo 22 deste decreto.

2. De non solicitar a substitución no prazo indicado no número anterior, a Administración Forestal finalizará o consorcio ou convenio, de conformidade co previsto na Disposición transitoria 4ª da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Disposición transitoria segunda. *Saldo debedor nos contratos temporais de xestión pública procedentes de convenios ou consorcios finalizados.*

1. Nos novos contratos temporais de xestión pública procedentes dun convenio ou dun consorcio finalizado e formalizados consonte ao disposto na Disposición Transitoria Cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, considerarase como primeira partida do anticipo reintegrable o saldo debedor.

2. Para o cálculo do saldo debedor do convenio ou consorcio non se terán en conta as inversións e cargos realizados pola administración forestal con anterioridade ao ano 2005, sen que iso supoña, en ningún caso, a existencia dun saldo favorable á persoa titular do monte.

3. Asemade, para os efectos contables, as débedas daqueles consorcios realizados pola administración estarían condonadas polo importe a que ascendera dita conta no momento da clasificación dun monte como veciñal en man común.

4. As cancelacións dos consorcios ou convenios publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da consellería competente en materia de montes.

5. Cando as cancelacións dos consorcios ou convenios veñan motivadas porque non se teñan acadados os fins para os cales se subscribiron, e sempre que a causa non sexa atribuíble á persoa titular, se considerará que as fincas se atopan libres de cargas.

6. Entenderanse extinguidos, sen máis trámite, os convenios e consorcios existentes en superficies que contan cun acordo de concentración parcelaria firme.

7. En caso de que na protocolización da acta de reorganización da propiedade ou na inscrición dos títulos de concentración no rexistro da propiedade conste expresamente que as fincas se atopan libres de cargas, o saldo debedor do convenio ou consorcio coa Comunidade Autónoma se considerará liquidado.

Disposición transitoria terceira. *Inscrición dos montes no rexistro da propiedade*

1. Os contratos temporais de xestión pública só poderán asinarse sobre montes ou terreos forestais que estean inscritos nos rexistro da propiedade, sen prexuízo do previsto no números seguintes desta disposición.

Na inscrición deberá constar a representación gráfica xeorreferenciada de todas as fincas obxecto do contrato temporal de xestión pública.

2. Nos casos nos que o monte ou terreo forestal non estea debidamente inscrito no rexistro da propiedade ou ben existan discrepancias entre datos que contén o rexistro da propiedade e os datos que constan no catastro, a persoa titular do dereito de aproveitamento encargarse da súa resolución no prazo de dous anos prorrogables desde a formalización do contrato temporal de xestión pública, ou ben poderá solicitar á Administración forestal a súa resolución. A elección dalgunha destas dúas opcións formalizarase na sinatura do contrato temporal de xestión pública.

3. No caso de que, segundo o previsto no contrato, corresponda á Administración forestal resolver estas discrepancias todos os gastos nos que incorra, incluídos os gastos rexistrados, computaranse como partidas engadidas no plan especial do proxecto de ordenación, e deberán ser afrontadas pola persoa titular do dereito de aproveitamento en calidade de servizo técnico-xurídico.

No cómputo da porcentaxe prevista para os gastos reintegrables non se incluírán os gastos previstos neste número, senón que se computarán de forma autónoma e íntegra.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento*

Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de montes para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto, nas materias propias do seu departamento.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

ANEXO I. INTENSIDADE MÁXIMA DOS ANTICIPOS NON REINTEGRABLES.

- a) Persoas propietarias públicas de montes, agás os incluídos no Catálogo de Montes de Utilidade Pública ou persoas propietarias de montes privados protectores: 80%.
- b) Comunidades de montes veciñais en man común que carezan de recursos económicos e financeiros suficientes e cuxa sostibilidade económica, social e ambiental non estea garantida, ou que se atopen en estado de grave abandono ou degradación, ou cando a xestión cautelar sexa asumida polo concello: 50%.
- c) Comunidades de montes veciñais en man común, cando se declare a situación xurídica de xestión cautelar pola administración forestal: 0%.
- d) Persoas titulares do dereito de aproveitamento de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo que carecesen de recursos económicos e financeiros suficientes e cuxa sostibilidade económica, social e ambiental non estivese garantida: 50%.
- e) Persoas titulares do dereito de aproveitamento de montes de calquera tipoloxía, en terreos forestais ocupados por masas de alto valor xenético: 100%.
- f) Persoas propietarias de montes de calquera tipoloxía, en terreos forestais incluídos no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas, regulado polo decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas: 100%.
- g) Persoas titulares do dereito de aproveitamento de montes particulares ou as súas agrupacións forestais de xestión conxunta naqueles casos nos que as especiais dificultades para a valorización e as condicións do monte así o aconsellen: 50%.
- h) Persoas titulares do dereito de aproveitamento de montes ou terreos forestais nos que se manifeste un interese público atendendo á existencia neles de infraestruturas, instalacións ou masas e formacións forestais de especial interese, nomeadamente os soutos e aquelas formadas por especies do Anexo I da Lei 7/2012, de montes de Galicia, ao seu uso público, valor estratéxico na prevención de incendios forestais e/ou outras circunstancias que se aprecien mediante orde da consellería competente: 100%.
- i) Nas superficies de monte cuxa especie principal sexa do xénero *Eucalyptus* o anticipo non reintegrable será do 0 %.